

## **RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DO 20 DE XULLO DE 2010**

### **LICENZAS**

#### **FAVORABLES.-**

**Lic/2001/2008.- Rafael Villar Piñón.-** Modificación da licenza concedida para construción dunha vivenda unifamiliar en Travesía de Conxo de Arriba nº 37 e prórroga da mesma.

**Lic/1999/2008.- María Elena Burque Torreira.-** Modificación da licenza concedida para construción dunha vivenda unifamiliar na rúa Volta do Castro nº 59 e prórroga da mesma.

**Lic/1315/2010.- Mercedes Rey Domínguez.-** Legalización das modificacións executadas na construción dunha edificación na rúa da Altiboia nº 14.

**Lic/525/2006.- Explotación Gandeira Rey, S. C.-** Galpón no lugar de Vilamaior.

**Lic/1353/2008.- Consuelo Martinez Sexto.-** Construción de edificio na Avda. Rodríguez de Viguri nº 33.

#### **DENEGADAS.-**

**Lic/1578/2010.- María del Carmen Nieves Seoane.-** Alpendre no lugar de O Eixo de Abaixo nº 8.

#### **PARCELACIÓNS.-**

**Lic/1088/2010.- Elías Sánchez López.-** Parcelación dunha parcela sita no lugar de Carballa – Castiñeira Grande.

**Lic/943/2008.- Alfonso Munín Sánchez.-** Modificación da licenza de parcelación urbanística concedida por acordo da Xunta de Goberno Local de 14 de outubro de 2008, da parcela sita no lugar de Bornais nº 26.

#### **SUBSANACION DE ACORDO.-**

**Lic/749/2005.- José Ramón Villanueva Jeremias, en nome e representación de Villajere, S. L.-** Edificio de dúas plantas de soto, planta baixa e tres plantas de piso para baixos comerciais e vivendas na rúa Santa Marta nº 24 – 26.

#### **DEVOLUCIÓNS DE FIANZA.-**

**1614/10.- Malga, S. L.-** ..... Expte. Lic/1088/2006 ..... 12.000 €.-

**1586/10.- Vanessa Rosende Maza.-** ..... Expte. Lic/129/2005 ..... 4.000 €.-

### **OCIHR**

#### **LICENZAS**

**LIC/1609/2010.- CONSORCIO DE SANTIAGO-** Prorroga de licenza para a conservación das cubertas da Igrexa de San Martiño Pinario na praza de San Martiño Pinario.

**LIC/1606/2010.- CONSORCIO DE SANTIAGO-** Prorroga de licenza para o revestimento de fachadas da Facultade de Filosofía na praza de Mazarelos.

**LIC/1610/2010.- CONSORCIO DE SANTIAGO-** Prorroga de licenza para a reparación dos danos provocados pola humidade no edificio do Teatro Principal na rúa Nova 21.

**LIC/1607/2010.- CONSORCIO DE SANTIAGO-** Prorroga de licenza para a conservación da Igrexa de Santa María de Salomé na rúa Nova.

**LIC/1608/2010.- CONSORCIO DE SANTIAGO-** Prorroga de licenza para o acondicionamento da Capela e Cemiterio do Rosario na rúa de Bonaval.

#### **DEVOLUCIÓN DE FIANZAS.-**

**FILMANOVA INVEST SL -** Devolución da fianza aportada no seu día logo de descontar a cantidade de cincuenta euros (50€) correspondente aos gastos derivados da recolocación dunha cornisa.

**4.- Proposta da concelleira delegada de Benestar Social relativa a axudas de carácter social.**

Concédense tres axudas, por un importe total de 3.262,63 euros.

**5.- Propostas da concelleira delegada de Rehabilitación e Cidade Histórica relativa á concesión de axudas á rehabilitación de vivendas e locais do Casco Histórico.**

Apróbase a aceptación do desestimento de varias solicitudes de inclusión no Programa de Edificios Tutelados.

**6.- Acordo complementario do punto nº 17 da sesión do 6 de xullo de 2010.**

Denégase un permiso de ocupación da vía pública na praza da Inmaculada.

**7.- Expediente TXX/813/2009 - IBIU: Proposta da concelleira delegada de facenda relativa a beneficios fiscais no imposto sobre bens inmobles.**

Concédese unha bonificación do 50% a un inmueble.

**8.- Expediente TXX/969/2009 - IBIU: Proposta da concelleira delegada de facenda relativa a beneficios fiscais no imposto sobre bens inmobles.**

Concédese unha bonificación do 35% a un inmueble.

**9.- Propostas da concelleira delegada de Facenda relativas á concesión de bonificación no imposto sobre bens inmobles.**

Concédense diversas bonificacións do 15%, 30% e 45%.

**10.- Corrección de erro no punto nº 25 da sesión de 6 de xullo de 2010.**

Procédese á corrección dun erro material.

**11.- Aprobación inicial do Plan especial de ordenación, mellora medioambiental e acondicionamento das Brañas de Sar (PE-3R).**

Apróbase inicialmente o devandito Plan e someter o expediente a información pública polo prazo de dous meses.

**12.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo relativa á resolución do escrito presentado por EMUVISSA con posterioridade á aprobación do convenio patrimonial para a obtención de dúas parcelas. (M-4 e M-8 do SUNP-22).**

Acórdase unha modificación na redacción orixinal da primeira e segunda cláusula do convenio.

**13.- Proposta da alcaldía relativa á resolución do contrato do aparcamento en Xoán Carlos I.**

Dáse conta da sentenza xudicial na que se desestima o recurso interposto contra a resolución do contrato e resólvese o mesmo, polo incumprimento do contratista da súa obriga esencial, cal é a presentación dun proxecto de execución do aparcamento axustado ao acordo de adxudicación e ao contrato, viable técnica e economicamente.

**14.- Proposta da alcaldía relativa á resolución do contrato do aparcamento en San Xoán de Vista Alegre.**

Dáse conta da sentenza xudicial na que se desestima o recurso interposto contra a resolución do contrato e resólvese o mesmo, polo incumprimento do contratista da súa obriga esencial, cal é a presentación dun proxecto de execución do aparcamento axustado ao acordo de adxudicación e ao contrato, viable técnica e economicamente.

**15.- Proposta da alcaldía relativa á resolución do contrato do aparcamento en Fontiñas.**

Dáse conta da sentenza xudicial na que se desestima o recurso interposto contra a resolución do contrato e resólvese o mesmo, polo incumprimento do contratista da súa obriga esencial, cal é a presentación dun proxecto de execución do aparcamento axustado ao acordo de adxudicación e ao contrato, viable técnica e economicamente.

**16.- Expedientes en materia de contratación.**

- Adxudícase o servizo de redacción do proxecto básico e de execución de edificación destinada a Centro Xove de creación cultural da Almáciga á empresa ARQUITAV ARQUITECTOS S.L.P., por importe de 14.157,64 euros (IVE incluído).
- Adxudícase o servizo de dirección de execución (media) das obras de recuperación da escola infantil do parque do Hórreo á Ádega da Costa González, por importe de 13.461,33 euros (IVE incluído).
- Acórdase incorporar unha dilixencia no contrato asinado coa empresa MISTURAS E PROXECTOS, S.A., para a execución das obras de saneamento da conca do río Aríns, colectores secundarios 3ª fase, referente á mención ao financiamento da intervención polo Fondo de Cohesión.
- Elévase a definitiva a adxudicación do servizo de implementación do Programa Municipal de Acción Educativa na Rúa, á empresa ATALAIA SOCIAL, S.L.N.E., por importe de de 4.125,7 euros/mes, IVE incluído.

**17.- Resolución de mutuo acordo do contrato para a redacción do plan especial director de ordenación e rehabilitación do camiño francés P.E.-3, e devolución da garantía constituída.**

Acórdase a devandita resolución, ao non concorrer causa de resolución imputable ao contratista e estar xustificada o interese público na finalización do citado contrato.

**18.- Proposta da concelleira delegada de Persoal relativa ao pagamento de produtividade correspondente ao primeiro semestre do ano 2010.**

Procédese á asignación da devandita paga de produtividade.

**19.- Aboamento por prestación de servizos extraordinarios e plus de transporte.**

Procédese ao aboamento polos devanditos servizos.

**20.- Proposta da concelleira delegada de Persoal relativa á modificación do plan de formación continua 2010 do Concello.**

Modifícase o devandito Plan, suprimindo e incorporando diversos cursos.

**21.- Liquidación das festas da Ascensión 2010.**

Apróbese a devandita liquidación.

**22.- Proposta do concelleiro delegado de Deportes relativa á cesión gratuíta do uso dos estadios de San Lázaro e campo anexo e San Lázaro II para a tempada 2010/11, e outros extremos.**

Acórdase conceder gratuitamente para a temporada 2010/11 o estadio municipal de San Lázaro e o campo anexo de San Lázaro II aos primeiros equipos da SD Campus Stellae e do Santiago de Compostela CF, que van competir, respectivamente, na 3ª división e Rexional Preferente, para adestrar e disputar os partidos oficiais de liga, copa e outros como locatarios.

**23.- Dar conta do segundo pago do convenio entre o Concello e a Deputación da Coruña relativo ás actuacións da rede cultural ano 2009.**

Dáse conta do devandito pago, por 6.582,10 euros.

**24.- Dar conta da sinatura do convenio entre o Consorcio da Cidade de Santiago de Compostela e a Concellería de Centros Socioculturais para a realización de accións culturais de base.**

Dáse conta do devandito convenio, polo que o Consorcio achega 120.000 euros.

URXENCIAS

**1.- Adxudicación provisional do subministro de mobiliario e equipamento para as dependencias da Policía Local.**

Adxudícase provisionalmente o devandito subministro á empresa ARCE AMOR, S.L., por un importe total de 24.819,65 euros (IVE incluído) e un prazo de garantía dos produtos ofertados de cinco anos.

**2.- Aprobación da Addenda ao convenio de colaboración entre o Concello e o Consorcio da Cidade de Santiago para o acondicionamento e posta en valor para uso público da área natural da “Selva negra”.**

Apróbase a devandita addenda de modificación da cláusula terceira do convenio, de tal xeito que o custo estimado da intervención para unha primeira fase no parque da Selva Negra se estima en 370.356,04 euros e a do edificio de servizos no parque do Paxonal en 229.643,96 euros, facendo un total de 600.000 euros.

**3.- Aprobación da Addenda ao Convenio de colaboración entre o Concello e o Consorcio da Cidade de Santiago para desenvolver accións en parques e zonas verdes de Santiago.**

Apróbase a devandita addenda de modificación do apartado a da cláusula terceira, no sentido de reasignar as cantidades para os distintos proxectos do total de 550.000 euros previstos de custo estimado das intervencións.

**4.Adxudicación do reforzo do firme das vías municipais (2ª fase).**

Adxudícase provisionalmente o devandito contrato á empresa OVIGA, S.L., de acordo co cadro de prezos unitarios ofertados.